

A PRINCESA DE NEGRO

Entra a noite
co seu manto escuro
bordado de estrelas.

Mentres cobre o firmamento
vai abrindo ventás
dos cuartos dos nenos,
das nenas,
e pendura nas lámpadas
ás veces soños, outrora pesadelos.

Son cousas da noite,
a princesa de negro
que xoga aos agochados
para meter medo.

A Lúa viste de branco,
maxestosa cal raíña,
toda resplandecente
parece que nos vixía.

Lúa. Noite.
Noite. Lúa.
Deixade que os nenos
durman
que xa vai nacer o día.

(Concha Blanco)

Luces, bicos e cores
Ed. EMBORA